



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

#### Anuncio

#### EDICTO

NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
PARADELA	2º semestre-2019	Taxa de recollida de lixo , auga, e Canon auga Xunta de Galicia
BARALLA	4º trimestre-2019	Taxa de recollida de lixo , auga,, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia
O INCIO	4º-trimestre-2019	Taxa de recollida de lixo e pola subministración de auga, e Canon auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas Mayra García Bermúdez.

R. 0579

#### Anuncio

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 13/03/2020 e finalizará o día 13/05/2020, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
PARADELA	2º semestre-2019	Taxa de recollida de lixo , auga, e Canon auga Xunta de Galicia
BARALLA	4º trimestre-2019	Taxa de recollida de lixo , auga,, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia
O INCIO	4º-trimestre-2019	Taxa de recollida de lixo e pola subministración de auga, e Canon auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a

14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas Mayra García Bermúdez.

R. 0580

## CONCELLOS

### MURAS

#### *Anuncio*

O abeiro do disposto no artigo 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza reguladora da taxa pola concesión de nichos no cemitério municipal do Concello de Muras, aprobada inicialmente polo Concello Pleno en data 26 de decembro de 2019, e estando sometido a información pública o devandito acordo polo prazo de trinta día hábiles, previa publicación do correspondente anuncio no taboleiro de edictos e no BOP núm. 16 de data 21 de xaneiro de 2020, sen que nese tempo se presentasen reclamacións, considerase definitivamente adoptado o citado acordo.

Contra o acordo descrito no parágrafo anterior, poderán os interesados interpoñer directamente o recurso contencioso- administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación deste Edicto. Poderán así mesmo interpoñer calquera outro que estimen axeitado.

#### ORDENANZA FISCAL TAXA POLA CONCESIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL CONCELLO DE MURAS

##### Artigo 1 Fundamento e natureza

En uso das facultades recoñecidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa pola concesión de nichos no cemiterio municipal no Concello de Muras"

##### Artigo 2 Feito imponible

A débeda tributaria determinarase polo sistema de cota fixa.

##### Artigo 3 Obrigados tributarios

1. Son obrigados tributarios contribuíntes os solicitantes da concesión e, no seu caso, os titulares de dereitos regulados nesta Ordenanza.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

##### Artigo 4 Exencións e bonificacións

Só serán de aplicación aqueles beneficios fiscais que estean recoñecidos en norma con rango de lei ou en tratados internacionais validamente celebrados.

Estarán exentos, os servizos que se presten con ocasión de:

- Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade. Para estes efectos, o Concello de Muras reservase a propiedade dunha columna de nichos (3). Nestes casos, será necesario informe dos servizos sociais do Concello.
- As inhumacións que ordene a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.
- Quen, ata a data, sexan titulares de nichos excepto para o caso de transmisións.

#### Artigo 5 Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por aplicación das seguintes tarifas:

##### CONCESIÓN:

Empadroados residentes:.....832,00€

Empadroados non residentes:..... 1.000,00€

Resto de usuarios:..... 1.500,00€

##### CAMBIOS TITULARIDADE

- Con carácter xeral, nos cambios de titularidade inter vivos a título oneroso, aplicarase o tipo do 20% sobre o prezo fixado no título mediante o cal se efectúa a transmisión.
- Con carácter xeral, nos cambios de titularidade inter vivos a título gratuito, aplicarase o tipo do 10% sobre o prezo de concesión paga ao Concello.

Cando se produza un cambio de titularidade que poña de manifesto a existencia de anteriores transmisións que non foron obxecto de autorización e pago de dereitos, abonarase a cantidade íntegra que resulte da liquidación de todas as transferencias anteriores de acordo coas tarifas establecidas pola Ordenanza actualmente vixente.

#### Artigo 6 Pagamento

Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose para estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude daqueles. No caso de solicitudes existentes con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza, terán preferencia en canto á súa concesión pero deberán axustarse ás taxas da presente ordenanza.

#### Artículo 7 Prazo concesión

O prazo de concesión será de trinta e cinco anos, con prórroga sucesiva de quince anos, a solicitude de parte interesada e ata un máximo de cincuenta anos, incluíndo o período inicial e a súa prórroga. Terminado o período de concesión, o titular do nicho e os seus herdeiros terán dereito preferente sobre outras persoas para obter unha nova concesión sobre o mesmo nicho. Os dereitos de prórroga e as sucesivas concesións estarán supeditadas ás dispoñibilidades que existan no momento da solicitude e os dereitos serán os que estean establecidos na Ordenanza que rexa cando se autorice a prórroga ou nova concesión.

#### Artículo 8 Normas complementarias

1.- A solicitude de prestación dos servizos regulados nesta Ordenanza formularase na correspondente instancia, que se facilitará na oficina de rexistros do Concello. As solicitudes serán atendidas por rigorosa orde de entrada no Rexistro do Concello. No caso de solicitudes existentes con anterioridade á entrada en vigor da presente esta ordenanza, terán preferencia en canto á súa concesión.

A resolución será notificada ao interesado e darase conta dela aos servizos municipais responsables da execución da mesma.

2.- En caso de desatención das sepulturas de calquera clase, por parte de quen ostenta a súa titularidade, que cause un estado de ruína ou abandono, que produza perigos ou desmerezca o necesario ornato e aspecto do lugar, o Concello poderá proceder á retirada de cuantos obxectos atópanse deteriorados ou en mal estado, sen que poida esixírselle resarcimento ou indemnización algunha en tal concepto.

#### Artículo 9 Reversión

O Concello poderá declarar a caducidade, revertendo á Entidade Local a plena dispoñibilidade dunha sepultura nos seguintes casos:

1º. Por estado ruinoso da construción. A declaración de caducidade requirirá a incoación dun expediente administrativo no cal se dará audiencia ao que apareza como titular do dereito. En caso de non ser coñecido o seu domicilio publicarase o correspondente Edicto no B.O.P., outorgando un prazo de trinta días para efectuar a reparación que proceda. a comparecencia suspenderá a tramitación do expediente ata que transcorra o prazo que se poida conceder para a execución das obras que procedan. Unha vez transcorrido devandito prazo sen que as mesmas realizáronse, declararase a caducidade do dereito mediante resolución da Xunta de Goberno Local. Declarada a caducidade de acordo co establecido

**Artigo 10 Infraccións e sancións**

En materia de cualificación das infraccións e de sanción das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 178 e ss. Da Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral de Xestión.

**DISPOSICION FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación o Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación.

Muras, 5 de marzo de 2020.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0581

**Anuncio**

O Concello Pleno, en sesión ordinaria levada a cabo o día 26 de febreiro de 2020, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local, sométese o expediente a información pública e audiencia dos interesados por un periodo de trinta (30) días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, co fin de que durante este periodo pódase formular as reclamacións e suxestións que se condiren oportunas.

Se non se presentasen reclamacións a ordenanza entenderase definitivamente aprobada.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Muras, 6 de marzo de 2020.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0582

**Anuncio**

O Concello Pleno, en sesión ordinaria levada a cabo o día 26 de febreiro de 2020, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local, sométese o expediente a información pública e audiencia dos interesados por un periodo de trinta (30) días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, co fin de que durante este periodo pódase formular as reclamacións e suxestións que se condiren oportunas.

Se non se presentasen reclamacións a ordenanza entenderase definitivamente aprobada.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Muras, 6 de marzo de 2020.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0583

**RIBEIRA DE PIQUÍN****Anuncio**

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2020, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección  dun oficial de 1ª carpinteiro e tres peóns especialistas forestais, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa “Fomento do Emprego 2019 da Excma. Deputación Provincial de Lugo”.

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o prazo de cinco (5) días naturais, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: [www.ribeiradepiquin.es](http://www.ribeiradepiquin.es), podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 26 de febreiro de 2020.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0584

*Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 24 de febreiro de 2020, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2020, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 26 de febreiro de 2020.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0585

*Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 24 de febreiro de 2020, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de xaneiro de 2020, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 26 de febreiro de 2020.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0586

**VILALBA***Anuncio*

Visto que por decreto de la alcaldía n.º 390 de 21/12/2018 se aprobó la oferta de empleo público, correspondiente, entre otras, de administración especial, grupo C, subgrupo C1, sistema oposición, así como el acuerdo adoptado por el Pleno el día 31/01/2018 de delegación en la Administración General de la CA de Galicia de la competencia del proceso selectivo para el acceso de policías locales en este Ayuntamiento, y que en ejecución de dicho acuerdo, se firmó en fecha 31/01/2019 el correspondiente Convenio entre la Xunta de Galicia y este Ayuntamiento.

Una vez finalizado el proceso selectivo, la Agasp, en fecha 27/02/2020, comunicó las personas que lo superaron y que le fueron designadas a este Ayuntamiento, y una vez que presentaron la documentación previamente requerida para su expediente personal, por DECRETO de la alcaldía n.º 75 de 10/03/2020, se resolvió:

**Primero.** Nombrar funcionario en prácticas del Cuerpo de Policía Local de este Ayuntamiento, en la categoría de policía, a las personas que se relacionan seguidamente:

- *Javier López Cortiña, DNI n.º XXXXX52W*
- *Samuel Cajaraville Limeres, DNI n.º XXXXX68R*
- *David Loureiro Romero, DNI n.º XXXXX78E*

**Segundo.** Los funcionarios nombrados en prácticas deberán presentarse en la Academia Galega de Seguridade (Agasp) en la fecha del inicio del curso selectivo de formación teórico-práctico.

**Tercero.** La presente resolución tendrá efectos económicos a partir del día 12 de marzo de 2020.

**Cuarto.** Publicar la presente resolución en el Boletín Oficial de la Provincia (BOP).

Lo que se hace público a los efectos del cumplimiento de lo dispuesto en las bases de la convocatoria, así como en lo preceptuado reglamentariamente.

Vilalba, 11 de marzo de 2020.- La alcaldesa. Elba Veleiro Fernández.

R. 0625

**COMUNIDAD DE REGANTES RÍO MIÑO PEQUEÑO***Anuncio***CONVOCATORIA ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA**

A Comunidade de Regantes Río Miño- Pequeño - Anllo de Arneiro - Cospeito, CONVOCA a tódolos/as comuneiros/comuneiras á ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA que terá lugar no local social de As Panciegas, o día 27

---

de Marzo de 2020, as 11:00 horas en primeira convocatoria, e as 12:00 en segunda convocatoria, co seguinte orde do día:

1 Lectura e aprobación se procede das contas anuais 2019.

2. Aprobación de cotas de regadío para o ano 2020.

3 Débeda pendente con Seiasa.

4 Renovación de cargos.

5 Rogos e preguntas.

Arneiro (Cospeito), 9 de marzo de 2020.- O Presidente da Comunidade, Javier Alvarez López.

R. 0602

---